


27 de xaneiro: Día Internacional das Vítimas do Holocausto

Aniversario da liberación do campo de concentración de Auschwitz



“Entre 1933 e 1945, mataron a seis millóns dos meus. Moitos dun tiro. Moitos queimados nos fornos crematorios, asfixiados nas cámaras de gas ou mortos de fame. A min non me mataron.




Nacín en 1944. Non sei o día. Non sei que nome me puxeron. Nin sei en que cidade nin en que país vin ao mundo. Tampouco sei se tiver irmáns. O que sei é que cando apenas contaba cuns meses salváronme do Holocausto...”

Ruth Vander Zee

Estudou Educación e traballa nunha escola pública de Miami. Escribe contos infantís e viaxa por todo o mundo impartindo conferencias.
www.ruthvanderzee.com

Roberto Innocenti

De formación autodidacta, a súa obra publicouse en moitos países. Foi premiado na Bienal de Bratislava, na Sociedade de Ilustradores de Nova York e gañou o Premio Hans Christian Andersen en 2008.
www.robertoinnocenti.com



“Espero confiarcho todo como non puiden facer con ninguén, e que sexas un grande apoio para min”.

Escrito entre o 12 de xuño de 1942 e o 1 de agosto de 1944 no ático de Amsterdam onde Ana e a súa familia se esconderon dos nazis, a obra publicouse ao rematar a II Guerra Mundial e axiña se converteu nun clásico en todo o mundo por ser un gran e atemporal testemuño da memoria histórica, dos millóns de voces caladas durante o Holocausto.